



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA GAONA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO PÚBLICO DE ATENCIÓN INTEGRAL ÁS PERSOAS MAIORES DENTRO DO MARCO DO PROGRAMA “COMO NA CASA”, NO CONCELLO DE A CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social formalizou coa Fundación Amancio Ortega Gaona (en diante FAO), o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o cumprimento das obrigas nos prazos previstos na súa cláusula terceira, tendo en todo caso a mesma duración máxima do convenio asinado polas partes en data 13 de setembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir o marco de colaboración entre a FAO e a Consellería de Política Social para a construción e posta en funcionamento dun Centro de Maiores, sito na cidade de A Coruña, para atender a maiores en situación de dependencia no marco do plan “Como na casa”

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Ambas partes teñen obxectivos comúns e competencias concorrentes no ámbito da asistencia social.

Conforme ao establecido no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a Consellería, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade ostenta as competencias de dirixir, impulsar, xestionar, planificar, coordinar, controlar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade e persoas dependentes en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A FAO, é unha organización de natureza fundacional, constituída ao amparo do dereito recollido no artigo 34.1 da Constitución española, de interese galego sen ánimo de lucro cuxo patrimonio está afectado de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral recollidos nos seus estatutos.





Concretamente, esta fundación ten por obxecto a promoción, fomento, desenvolvemento, execución e financiamento de todo tipo de actividades que coadxuven á difusión e extensión da acción social e asistencial.

Con data 13 de setembro de 2019 a Consellería de Política Social e a FAO, asinaron un convenio de colaboración para establecer as bases de cooperación para a construción e posta en funcionamento de sete centros públicos de atención integral ás persoas maiores (en adiante, os “Centros de Maiores”), sitios nas cidades de Santiago de Compostela, Vigo, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol, para atender a maiores en situación de dependencia no marco do plan “Como na casa”.

Este convenio, na súa cláusula segunda establece que o seu ámbito de aplicación será obxecto de desenvolvemento e concreción a través dos oportunos instrumentos que procedan e das actuacións necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

Na cidade de A Coruña prevese a construción dun Centro de Maiores cunha capacidade de 150 prazas, para cuxa realización a Consellería de Política Social se comprometeu a poñer a disposición da FAO, aos meros efectos da realización das obras, o terreo correspondente.

Unha vez determinada a parcela na que se vai levar a cabo a construción do devandito Centro de Maiores, faise necesario formalizar a posta a disposición da mesma e definir as obrigas que asumen as partes en canto ao derribo da edificación existente nela, así como fixar os prazos de execución das obras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social
María Francisca Gómez Santos

